



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**ASUNTO: AGOSTO LÚDICO DEPORTIVO CONCELLO DE CARNOTA 2021”**

#### ANTECEDENTES:

1. Agosto Lúdico Deportivo pretende ser unha oferta educativa que o Concello de Carnota lles ofrece ás familias co fin de ocupar o tempo libre e o desenvolvemento físico e psíquico do participantes, con actividades atractivas dende o punto de vista deportivo e convivencial.
2. Estas actividades están dirixidas á rapazada de 3 a 12 anos.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

O artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece as atribucións que ostenta o alcalde.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Aprobar as bases do **AGOSTO LÚDICO DEPORTIVO CONCELLO DE CARNOTA 2021** anexas a esta Resolución.
2. Dar conta desta resolución ao pleno da corporación.

O alcalde  
Juan Manuel Saborido Rama

Dou fe. O secretario  
José Luis Veiga Sierra



## **CONCELLO DE CARNOTA**

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

### **BASES DO “AGOSTO LÚDICO DEPORTIVO CONCELLO DE CARNOTA 2021”**

Agosto Lúdico Deportivo pretende ser unha oferta educativa que o Concello de Carnota lles ofrece ás familias co fin de ocupar o tempo libre e o desenvolvemento físico e psíquico do participantes, con actividades atractivas dende o punto de vista deportivo e convivencial.

As actividades terán lugar no pavillón municipal de Carnota, habendo saídas ocasionais a outros puntos, e terán comezo o día 2 de agosto.

#### **DESTINATARIOS/AS:**

O programa está dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos.

#### **NÚMERO DE PRAZAS:**

Ofértanse 22 prazas. En relación coa Covid-19, seguiranse a normativa e os protocolos que estableza a Xunta de Galicia en cada momento. A actividade poderá quedar en suspensión se as autoridades sanitarias así o consideran.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Para outorgar as prazas teranse en conta os seguintes criterios, aos efectos de procurar a participación do maior número de persoas posible e garantir o pleno disfrute polos/as nenos/as das actividades de ocio e tempo libre organizadas polo Concello, de acordo ao disposto no artigo 25.2.l) da LRBRL, na orde que se indica a continuación:

1. Aqueles que non obtiveran praza en anteriores actividades organizadas polo Concello (Aldea de verán 2021).
2. Orde de inscrición na actividade.

#### **PRAZO E LUGAR DE INSCRICIÓN:**

O prazo de inscrición é dende o día 26 de xullo ata o 30 de xullo de 2021, ambos incluídos debendo presentarse as solicitudes no rexistro do Concello de Carnota.